III CROS CIDADE DE PONTEVEDRA

REGULAMENTO

1) O horario poderá sufrir modificacións en función dos/as inscritos/as.

2) Inscricións XOGADE: ata as 23:59 horas do luns 2 de novembro para participantes nas categorías de XOGADE (só poderán participar deportistas da provincia de Pontevedra). Empregado o procedemento determinado por XOGADE.

Inscricións populares/federadas (2€): as categorías sub 16 en adiante poderán tramitar a inscrición ata as 23:59 do mércores 4 de novembro pola plataforma Carreiras Galegas.

3) Os dorsais entregaranse por entidades, sendo unha persoa responsable de cada club a encargada de recollelos. Non se entregarán dorsais individualmente. Entregaranse dorsais dende 40 minutos antes do inicio da primeira carreira.

4) Reclamacións: Segundo manual da W.A.

5) A categoría máster dividirase en: Máster 1 (35 a 39 anos cumpridos), Máster 2 (40 a 49 anos cumpridos), Máster 3 (50 anos en adiante).

6) Os tres primeiros clasificados individuais de cada categoría (XOGADE) e sexo recibirán a medalla correspondente ao zonal Pontevedra-Salnés-Ulla Umia. Ademais, o gañador de cada categoría e sexo recibirá un premio (Sub16 a Máster).

7) Todas as persoas participantes aceptan a publicación do seu nome e imaxe nos medios de comunicación e internet. A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que poidan producirse con motivo da disputa desta competición.

Horario de competición

Hora	Proba	Distancia	Percorrido	Obs.
10:30	Cadete Mixto	2000	1P+1G	XOGADE
10:45	Infantil Fem	1500	1G	XOGADE
11:00	Infantil Mas	1500	1G	XOGADE
11:10	Alevín Fem	1000	2P	XOGADE
11:20	Alevín Mas	1000	2P	XOGADE
11:30	Benxamín Fem	500	1P	XOGADE
11:40	Benxamín Mas	500	1P	XOGADE
11:50	S16-S18-S20 Mixto	3500	1P+2G	Federada/Popular
12:15	S23-Sen-Máster Mixto	6000	4G	Federada/Popular

III CROS CIDADE DE PONTEVEDRA

Percorrido

Azul – V. Pequena (P) 500m. **Rosa – V. Grande (G) 1.500m.**



NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.